

ELECCIÓN A CONSELLOS ESCOLARES 2024

En aplicación da *Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG 18 de setembro de 2024)*, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, ao longo do mes de novembro de 2024, os centros educativos van desenvolver o **proceso de elección de membros dos CONSELLOS ESCOLARES**.

O proceso estará organizado en cada centro pola **Xunta Electoral**, que **se constituirá, no CEIP Piñeiros, o martes 22 de outubro de 2024, ás 9:10 horas. O sorteo público dos membros que formarán a Xunta Electoral terá lugar o vindeiro venres 18 de outubro, ás 9:05 horas.**

Esta Xunta Electoral deberá estar constituída polos seguintes membros: a directora do centro, un/unha mestre/a, un/unha pai/nai ou titor/a legal e un representante do persoal de administración e servizos. Os tres últimos deberán ser designados por sorteo público no que se preverá o nomeamento, tamén, dos seus respectivos membros suplentes, polo que **calquera de vós podedes ser informados telefónicamente da vosa designación ou ben como titular da Xunta Electoral, ou ben como suplente do titular. Tras ser informados telefónicamente, tanto o/a pai/nai titular como os pais/nais suplentes teredes que personarvos no centro a recoller as vosas citacións respectivas.**

Serán competencias da citada Xunta Electoral:

- Aprobar e publicar os censos electorais, co nome, apelidos e DNI dos electores.
- Concretar o calendario electoral.
- Ordenar o proceso electoral.
- Admitir e proclamar candidaturas.
- Promover a constitución das distintas mesas electorais.
- Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- Proclamar os/as candidatos/as elixidos/as e remitir as correspondentes Actas á Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexedes presentar a vosa candidatura para formar parte no novo Consello Escolar deberedes seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que, próximamente, se farán públicas pola Xunta Electoral do centro.

As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar realizaranse na data que fixe a devandita Xunta Electoral, e que será entre os días 18 e 22 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Lembrede que o Consello Escolar permite a participación dos diferentes estamentos nas decisións que afectan aos aspectos máis relevantes do centro e que contribúen a unha mellor calidade educativa.

Nais e pais, persoal de servizos e profesorado participan neste Órgano Colexiado de Goberno e, polo tanto, é de suma importancia a vosa participación.

O equipo directivo do CEIP Piñeiros anímvos a participar, presentando candidaturas e votando na data sinalada -que se vos comunicará no seu momento-, porque estamos convencidos de que a calidade educativa só se potencia se todos participamos.

Narón, 11 de outubro de 2024

A dirección